

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Secretaría Xeral. Oficialía Maior

*Anuncio de resolución da presidencia pola que se cesan e designan novos membros integrantes e cargos do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (CADECOR)*

##### ANUNCIO

**Anuncio de Resolución da Presidencia pola que se cesan e designan novos membros integrantes e cargos do Comité Anti-Fraude da Deputación Provincial da Coruña (CADECOR)**

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, ditou a resolución número 29533/2025, do 16 de xuño de 2025, do teor seguinte:

O Plan de prevención de riscos e medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (en adiante, PREMADECOR) foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022 e que foi publicado no BOP número 125 do día 4 de xullo de 2022.

O PREMADECOR crea un órgano colexiado de carácter técnico para a correcta aplicación das medidas previstas en dito Plan, denominado COMITÉ ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (CADECOR).

O CADECOR está constituído polas persoas funcionarias designadas mediante Resolución 30880/2022 do 5 de xullo, celebrando sesión constitutiva o pasado 28 de xullo de 2022.

Mediante Resolución da Presidencia 34223/2022 designouse Presidente e secretario do mesmo.

Mediante Resolución da Presidencia 706/2024 designouse Presidenta suplente e secretaria suplente do mesmo.

Coa finalización do servizo activo de dous dos membros do CADECOR designados na Resolución 30880/2022, un deles o seu Presidente titular, determinou que mediante Resolución 35646/2024 se substituíse a un dos membros e procedese á designación de nova persoa titular da Presidencia e nova persoa suplente.

Coa finalización do servizo activo da secretaria suplente, coa próxima finalización do servizo activo dun dos membros por parte do Servizo de Informática e Administración electrónica, co paso do Oficial maior, secretario do CADECOR, ás funcións de Secretaría xeral da Deputación e coa incorporación como Oficial maior da Deputación da funcionaria de habilitación de carácter nacional, Paula María Vázquez Carrasco, cómpre substituír a dous das persoas membras e proceder á designación de novas persoas e modificación nos cargos das persoas titular e suplente da secretaría do CADECOR.

O apartado 4.1 do PREMADECOR sinala que o membro da Secretaría xeral será o que asuma as funcións de secretaría deste órgano, e en consecuencia mediante Resolución 30880/2022 designaronse como representantes da Secretaría xeral tanto á Secretaría xeral coma ao Oficial maior, proponendo o CADECOR na sesión constitutiva que a secretaría do órgano fora desenvolvida pola Oficialía Maior. Porén, don Miguel Iglesias Martínez tomou posesión como Secretario xeral da Deputación provincial o 2 de abril de 2025 (ata a data Oficial maior) e dona Paula María Vázquez Carrasco tomou posesión como Oficial Maior da Deputación Provincial da Coruña o 2 de xuño de 2025.

En atención ao sinalado é necesario adaptar a composición deste órgano colexiado, polo que en execución do disposto no apartado 4.1 do PLAN PREMADECOR,

##### RESOLVO:

**PRIMEIRO.** Cesar como membro integrante do CADECOR a don Pablo Ramos González, por parte do Servizo de informática e Administración Electrónica, agradecéndolle o seu labor.

**SEGUNDO.** Designar membros integrantes do CADECOR ás seguintes persoas funcionarias:

- DONA PAULA MARÍA VÁZQUEZ CARRASCO, por parte da Secretaría xeral.
- DONA MARÍA JOSÉ GARCÍA RODRÍGUEZ, por parte do Servizo de Informática e Administración Electrónica

**TERCEIRO.** Designar como secretaria do CADECOR a dona Paula María Vázquez Carrasco, Oficial Maior e como secretario suplente a don Miguel Iglesias Martínez, Secretario xeral.

**CUARTO.** Refundir os nomeamentos realizados ata a data aos efectos de facilitar o coñecemento da composición actual do Comité, de tal xeito que a súa composición desde a data da presente Resolución é a seguinte:

- Dona Maria Lauda Pan, Presidenta titular do CADECOR, xefa da sección I e dona Beatriz Méndez López, Presidenta suplente do CADECOR, xefa do servizo, por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación.
- Dona Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria titular do CADECOR, Oficial Maior e, don Miguel Iglesias Martínez, como Secretario suplente do CADECOR, Secretario xeral, por parte da Secretaría xeral.
- Don José Manuel Pardellas Rivera, Interventor xeral e, don Juan Bautista Suárez Ramos, interventor adxunto, por parte do órgano interventor.
- Don Miguel Lorenzo Turbón, xefe do servizo e, Dona María José García Rodríguez, Técnica superior Informática, por parte do servizo de Informática e Administración Electrónica.
- Don Manuel Vázquez Sesmonde, xefe do servizo, por parte do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente.
- Dona María Teresa Loureiro Ventureira, xefa de sección de Promoción Económica e Desenvolvemento Turístico, por parte do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

**QUINTO.** Notificar a presente resolución ás persoas cesadas e designadas no apartado primeiro e segundo e proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia da sede electrónica.

**RECURSOS:** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa notificación. Con carácter previo, poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte á notificación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos. No caso de que se presente recurso potestativo de reposición, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo antes de que se resolva aquel ou, no caso de falla de resolución expresa, ata que teña transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A Coruña, 19 de xuño de 2025

O presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)

O secretario xeral,

Miguel Iglesias Martínez

(asinado dixitalmente)

2025/4106